

Servizo de Patrimonio  
Expediente 21007-240

CONCELLERÍA  
DE  
PATRIMONIO

CONCELL  
O DE VIGO



**ASUNTO:** Informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula (Sobre B), puntuación final e clasificación das ofertas por orde descendente da contratación polo procedemento aberto dunha POLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO EXCMO CONCELLO DE VIGO E SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

**DESTINATARIO:** MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE VIGO.

**INFORME :**

#### **I. - ANTECEDENTES .**

1.- É obxecto deste informe o expediente administrativo número 21007-240 para o 'contrato de subscripción dunha poliza de seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Excmo Concello de Vigo e seus organismos autónomos', por procedemento aberto e tramitación urxente cuxo expediente de contratación cos PPT, PCAP e autorización de gasto foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do 20/05/2022, e acordándose, tamén, a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

2.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión do 9/06/2022, procedeu á apertura do '*Sobre A: Documentación persoal*' do procedemento aberto para a contratación da póliza de seguro, admitindo no proceso de licitación a:

- AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS.
- MAPFRE ESPAÑA, S.A.

Tamén procedeu á descriptación dos documentos que compoñen o '*Sobre B : Proposición avaliábel mediante fórmula*' dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/06/2022 12:43	Páxina 1 de 5
21007-240	CSV: AEA3A6-8HE346-D9E2B1-8FQC59-GAJU4A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Taboas cos datos das ofertas económicas presentadas:

LICITADORES	AXA	MAPFRE
CRITERIOS	OFERTA	OFERTA
REDUCCIÓN FRANQUICIA	4.000,00 €	3.000,00 €
PREZO	384.447,61 €	398.000,00 €
Límite sinistro rc/patrimonial xeral	2.000.000,00 €	5.000.000,00 €
Límite sinistro rc patronal e cruzada	2.000.000,00 €	5.000.000,00 €
Sublímite vítima rc patronal e cruzada	200.000,00 €	300.000,00 €
Límite sinistro rc/patrimonial profesional	2.000.000,00 €	5.000.000,00 €
Limite sinistro/anualidade prexuízos patrimoniais puros	100.000,00€	800.000,00 €
Limite sinistro/anualidade rc locativa	300.000,00 €	300.000,00 €
Garantía ou cobertura da rc produtos/post-traballo	SI	SI

3.- Examinada a documentación presentada polo técnico que subscribe, as entidades licitadoras presentan a documentación que se sinala na cláusula 14, apartado 2, letra B do PCAP, conforme ao modelo contido no Anexo I.

## **II.- AVALIACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULAS.**

**II.a).- As ofertas avaliáveis a través de fórmula son as seguintes:**

- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:440,000.-€.
- Oferta de AXA Seguros Generales S.A. de Seguros y Reaseguros.
- Oferta de MAPFRE ESPAÑA, S.A.

**II.b).- Valoración para a determinación de ofertas anormalmente baixas:**

Antes de proceder á valoración das ofertas avaliáveis a través de fórmula, foi analizado se algunha das proposicións conteñen ofertas anormalmente baixas, en base aos criterios establecidos na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

De acordo cos cálculos realizados, que se especifican na táboa seguinte, ningunha das proposicións presentadas contén ofertas anormalmente baixas, tendo en conta que se considerará que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/06/2022 12:43	Páxina 2 de 5
21007-240	CSV: AEA3A6-8HE346-D9E2B1-8FQC59-GAJU4A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

LICITADOR	PREZO OFERTADO	BAIXA OFERTADA	VALOR MEDIO DA BAIXA	PORCENTAXE DE BAIXA	Vrb
AXA SEGUROS	384.447,61 €	55.552,39 €		12,63%	
MAPFRE, S.A.	398.000,00 €	42.000,00 €		9,55 %	
			48.776,20		11,09%

### II.c).- Criterios avaliáveis a través de fórmula:

De acordo co contido do **PCAP** que rexe o presente procedemento de contratación, os criterios avaliáveis mediante fórmula atópanse definidos na súa Cláusula 16, sendo os seguintes:

#### Cláusula 16.- Criterios para a adxudicación do Contrato

1.- O órgano de contratación acordará a adxudicación do contrato mediante a aplicación dos seguintes criterios:

**a) Redución do importe da franquía previsto na cláusula 10 do PPT(6.000 euros):** valorarase con ata **60 puntos**

Para o calculo da puntuación deste apartado outorgarase a máxima puntuación a oferta que presente maior baixa sobre a franquía mínima do prego, e o resto de ofertas de forma proporcional.

**b) Ampliación dos límites e sublímites fixados na cláusula 8 do PPT:** valorarase con ata **27 puntos**

- 1. Incremento no límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial xeral (1.000.000 €):** valorarase con ata **4,5 puntos**
- 2. Incremento no límite por sinistro na responsabilidade civil patronal e cruzada (1.000.000 €):** valorarase con ata **4,5 puntos**
- 3. Incremento no sublímite por vítima na responsabilidade civil patronal e cruzada (600.000 €):** valorarase con ata **4,5 puntos**
- 4. Incremento no límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial profesional (1.000.000 €):** valorarase con ata **4,5 puntos**
- 5. Incremento no límite por sinistro e anualidade establecidos para prexuízos patrimoniais puros (100.000 €):** valorarase con ata **4,5 puntos**
- 6. Incremento no límite por sinistro e anualidade establecidos para a responsabilidade civil locativa (300.000 €):** valorarase con ata **4,5 puntos**

Para o calculo da puntuación deste apartado outorgarase a máxima puntuación prevista en cada apartado ao licitador que oferte un maior incremento na contía prevista no PPT, e o resto valorarase proporcionalmente.

**c) Redución do importe da prima anual (440.000 €) :** valorarase con ata **10 puntos**

Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas que se reproducirán a continuación. Con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/06/2022 12:43	Páxina 3 de 5
21007-240	CSV: AEA3A6-8HE346-D9E2B1-8FQC59-GAJU4A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):**

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

**b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:**

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

**c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:**

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

**d) Inclusión da garantía ou cobertura da Responsabilidade civil de produtos/post-traballo, nas condicións e termos sinalados no punto 5.6 do PPT: valorarase con 3 puntos**

Para valorar este criterio outorgarase 3 puntos a oferta que inclúa esta cobertura. Se non a inclúe outorgarase 0 puntos.

**II.d).- Cálculos de aplicación das fórmulas ás ofertas presentadas polas empresas admitidas:**

Procédese á aplicación das fórmulas indicadas no apartado anterior, en base ás ofertas realizadas polas empresas admitidas no proceso de avaliación do sobre B: proposición económica.

Dos cálculos descritos na táboa seguinte, despréndese a puntuación dos criterios avaliáveis a través de fórmula obtidas por cada unha das mercantís licitadoras.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/06/2022 12:43	Páxina 4 de 5
21007-240	CSV: AEA3A6-8HE346-D9E2B1-8FQC59-GAJU4A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### PUNTUACIÓN

CRITERIOS	AXA		MAPFRE	
	OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS
REDUCCIÓN FRANQUICIA (60 PTOS)	4.000,00 €	60,00	3.000,00 €	45,00
PREZO (10 PTOS)	384.447,61 €	10,00	398.000,00 €	6,89
Límite sinistro rc/patrimonial xeral (4,5 PTOS)	2.000.000,00 E	1,80	5.000.000,00 €	4,5
Límite sinistro rc patronal e cruzada (4,5 PTOS)	2.000.000,00 €	1,80	5.000.000,00 €	4,5
Sublímite vítima rc patronal e cruzada (4,5 PTOS)	200.000,00 €	3,00	300.000,00 €	4,5
Límite sinistro rc/patrimonial profesional (4,5 PTOS)	2.000.000,00 €	1,80	5.000.000,00 €	4,5
Límite sinistro/anualidade prexuízos patrimoniais puros (4,5 PTOS)	100.000,00 €	0,56	800.000,00 €	4,5
Límite sinistro/anualidade rc locativa( 4,5 PTOS)	300.000,00 €	4,5	300.000,00 €	4,5
Garantía ou cobertura da rc produtos/post-traballo (3 PTOS)	SI	3	SI	3

### III.- PUNTUACIÓN FINAL OBTIDA NO PROCESO DE LICITACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS POR ORDE DECRECENTE:

Resumo das puntuacións finais:

EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
AXA SEGUROS GENERALES, S.A.	86,46
MAPFRE ESPAÑA, S.A.	81,89

Resumo das puntuacións finais por orde decrecente:

	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN
1º	AXA SEGUROS GENERALES, S.A.	86,46
2º	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	81,89

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O Xefe do Servizo de Patrimonio (Luis Rodriguez Cadarso).

